



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA O AUXILIO E COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE COMBARRO-POIO NO SEU CONXUNTO E A ORDENACIÓN DO TRAFICO NO VIAL DE ACCESO

José Antonio Álvarez Vidal, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial EPE Portos de Galicia EPE Portos de Galicia, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeada por Decreto 101/2023, do 29 de xuño (D.O.G. do 30 de xuño), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra parte, Angel Moldes Martínez, alcalde-presidente do Concello de Poio, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza Convento, 1, de Poio, facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

O Ente Público Portos de Galicia, procura a integración posible entre as infraestruturas porto e a vila que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha axeitada coordinación das relacións e necesidades das entidades e corporacións que interactúan no porto e na vila.

En data 22 de maio de 2017 asinase entre Portos de Galicia e o Concello de Poio un convenio para o auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións do porto de Combarro- Poio no seu conxunto e a ordenación do tráfico no vial de acceso.

En data 20 de agosto de 2018 asinase entre Portos de Galicia e o Concello de Poio unha addenda ao convenio para o auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións do porto de Combarro- Poio no seu conxunto e a ordenación do tráfico no vial de acceso, na que se modifica a súa cláusula segunda de compromiso do concello de Poio.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.





O Ente Público Portos de Galicia, á procura da máxima integración posible entre as infraestruturas porto-cidade que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha boa urbanización, ven realizando obras de integración urbanística no porto de Combarro.

O concello de Poio, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para o ocio e disfrute do tempo libre dos seus cidadáns está interesado na vixilancia das instalacións portuarias no seu conxunto e a ordenación do tráfico no vial de acceso ao porto de Combarro, en beneficio da poboación concentrada no entorno do porto, o que suporá a mellora da funcionalidade do inmobile na interacción porto- cidade.

O vial de acceso ó porto de Combarro constitúe tamén unha unidade funcional que desenvolve unha función de acceso a determinadas zonas da vila de Poio, e que esta dotado dun tratamento do viario que integra ó tráfico (peonil e motorizado), e que supón unha zona de interconexión do porto coa vila.

A función engadida das obras de servir de solución de continuidade entre a vila e o porto permite o seu uso fundamentalmente aberto ó público e á cidade, englobando zonas de paseo así como de recreo.

En definitiva os accesos e da adecuación do tránsito e o uso público na zona portuaria, supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que as actuacións levadas a cabo, así como as que no futuro se executen, reverteren positivamente tanto no Ente Público Portos de Galicia como no Concello de Poio.

Por outra parte, dado que en determinadas zonas do porto de Combarro, pola súa funcionalidade están abertas ó público en xeral, Portos de Galicia e o Concello de Poio teñen interese en estreitar a ordenación de tráfico e a vixilancia nesa áreas e no conxunto do recinto portuario.

Xa que logo, ámbalas dúas Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á vixilancia e control do tráfico das referidas instalacións, e formalizan o presente convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Poio, e o Ente Público Empresarial Portos de Galicia no que atinxe ao uso na tempada estival das zonas de aparcamento indicadas no plano adxunto do porto, así como a limpeza e o auxilio da vixilancia e control do aparcamento mediante o control do tráfico nesa zona con intervención da grúa municipal para deixar libre o dito espazo para as necesidades de circulación e de aparcamento así como para actuacións derivadas das necesidades portuarias.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE POIO.-

O concello de Poio poderá facer uso ao amparo deste convenio da superficie portuaria identificada no plano adxunto en tempada estival (en diante explanada estival) e que se delimita entre a zona de varadeiro e xardíns con céspede e flores do vial.





Para a execución e efectos deste convenio o Concello deberá proceder ao valado do perímetro que linda coas actividades portuarias de forma que non se permita o acceso peonil ás devanditas instalacións.

Ademais o Concello deberá manter este valado en perfectas condicións durante a vixencia e efectos do Convenio.

O Concello tamén se compromete a manter a orde pública e a ordenación do tráfico mediante a policía local con intervención de ser preciso, do servizo da grúa municipal, sen aplicación de ningún custo a Portos de Galicia en toda a zona portuaria.

O compromiso estendese ás limpezaas extraordinarias da explanada portuaria delimitada neste convenio durante a tempada estival con motivo de usos indebidos desta.

No marco deste auxilio e colaboración na vixilancia e ordenación do tráfico e aparcamento, nas instalacións portuarios do aparcamento do Porto, respectando en todo caso as competencias de Portos de Galicia en canto a ordenación, control e coordinación do tráfico terrestre do artigo 113.2.a) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, poderá a Policía Local exercer a facultade sancionadora en materia de tráfico e circulación vial naqueles vieiros abertos á circulación cuxo acceso e uso xeral non se atopa limitado nin restrinxido con control previo da Autoridade portuaria, retirando os vehículos que infrinxan as normas de aparcamento e circulación por medio do servizo de grúa municipal

O Concello de Poio acreditará que dentro de a súa póliza de responsabilidade civil/ patrimonial como administración publica se recollen os riscos derivados das obrigas que asume en virtude deste convenio.

TERCEIRA.-COMPROMISOS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.-

Portos de Galicia, autoriza o uso de aparcamento e auxilio e vixilancia de tráfico obxecto deste convenio, sen que a intervención do Concello de Poio ao abeiro deste pacto sobre terreos de dominio público portuario identificados segundo plano anexo ao mesmo, implique cesión de competencia ou limitación ou perda das potestades administrativas e facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuación que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.





Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Poio e dous por Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia recae no Xefe de Zona Sur e no Garda-peiraos de Combarro.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Frente a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, as partes responderán respectivamente dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que cada unha asume por medio deste convenio.

A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Poio terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para





que os datos persoais que contén no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En virtude do disposto no parágrafo anterior o Concello de Poio e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxaranse contraditoriamente polas partes.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Poio antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ó seu estado, uso e protección.





No caso de que sexa preciso realizar obras, estas deberán ser autorizadas por Portos de Galicia, e de non realizarse por causa imputable o Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.

En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da mencionada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia polo período de tempo entre o 18 de xullo e o 31 de agosto ambos incluídos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización.

En todo caso, Portos de Galicia de xeito motivado poderá desistir do convenio deixando o sen efecto, cun preaviso de 15 días de antelación á data que fixe para a cesación do convenio. Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

UNDÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.


O PRESIDENTE DA E.P.E.
PORTOS DE GALICIA

O ALCALDE DO CONCELLO DE POIO

José Antonio Álvarez Vidal

Angel Moldes Martínez





ZONA DE SERVIZO DO PORTO

PLAZAS EN ZONAS DE USO PORTUARIO
SUP. 1.135 m²

AREA DE MANTENIMIENTO EN ZONA DE USO
PORTUARIO
SUP. 7.506 m²

LIÑA DE DESLINDE DPTM

PLAZAS EN ZONAS DE USO GENERAL
SUP. 1.320 m²

AREA DE MANTENIMIENTO EN ZONAS DE USO
GENERAL
SUP. 4.467 m²

N

PORTOS
DE
GALICIA

PORTO:
COMBARRO
POIO - COMBARRO

CARTOGRAFÍA OFICIAL ACTUALIZADA

SISTEMA DE REFERENCIA XEODÉSICO: UTM-ETRES 89 HU 29 - ELIPSOIDE GRS 80. ALTITUDE REFERIDA AO CERO HIDROGRÁFICO DO PORTO

NOME DO PLANO:
PLANO DE PLANTA GENERAL

REFERENCIA

CLAVE PORTO:
13-14

ESCALAS:
1/2000

DATA:
JULIO - 2024

Nº PLANO:
01

FOLLA: DE:

ESPACIO RESERVADO PARA SINATURAS

ESPACIO RESERVADO PARA SINATURAS

CVE: N7a5ajsnCVU1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>